

informa TEO

DESENVOLVIMENTO
LOCAL

16 persoas desempregadas vanse formar nun obradoiro sobre TICs

A Consellaría de Emprego e Igualdade concedeu a finais de xuño unha subvención para a realización do proxecto do Obradoiro de Emprego de garantía xuvenil “EMPRÉGATEAPP”, que empregará e formará a 16 alumnos e alumnas traballadores e comezará o 19 de xullo de 2021. O concello de Teo é o promotor do proxecto e conta, para o seu desenvolvemento e execución, coa colaboración dos Concellos de Boqueixón e de Vedra. O territorio destas tres entidades constitúe o eido de actuación.

Segundo indican dende o Departamento de Desenvolvemento Local o importe total do proxecto será de 419.492 euros dos que se cubren 50.000 euros con fondos propios e o resto o subvenciona a Xunta de Galicia. Este forte investimento, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, asume os custos de formación e os salarios dos contratos de traballo de profesorado e alumnado. A duración do obradoiro é de 12 meses (1920 horas) e farase en horario de mañá na aula de formación da Casa Común de Oza.

O alumnado obterá (se superan a formación e a práctica) o certificado de profesionalidade IFCD0112: Programación con linguaxes orientados a obxectos e bases de datos relacionais. Ademais coa obtención do certificado de profesionalidade, o alumnado traballador matriculado neste curso e que supere o programa formativo poderá traballar acceder a postos laborais posteriormente como Técnico en ‘Data mining’ -minería de datos- e como Programador de aplicacións de xestión.

María López, concelleira de Desenvolvemento Local, destaca “o interese deste investimento tan potente para un sector da poboación, as persoas máis novas, cun problema de desemprego xuve-



nil moi importante”. Ademais fala da “importancia de formar á mocidade nun sector como as novas tecnoloxías con posibilidades de empregabilidade importantes”. López agradece tamén “a boa disposición dos concellos de Vedra e Boqueixón así como o traballo do persoal técnico das tres administracións por sacar adiante este proxecto, proba de que o traballo intermunicipal pode funcionar cando hai vontade e intereses comúns en mellorar a oferta de servizos á cidadanía”. O obxectivo deste Obradoiro de Emprego é a creación de aplicacións para dispositivos móbiles, orientadas tanto á promoción turística das zonas de actuación como á información e comunicación dirixida ás persoas usuarias.

Este Programa de emprego está dirixido a persoas mozas, maiores de 16 anos e menores de 30, incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil de Galicia •

O proxecto, que se realizará en colaboración cos concellos de Boqueixón e de Vedra recibiu unha subvención da Consellaría de Emprego e Igualdade

Acougo explicará en Teo os detalles do programa de acollemento

O acollemento familiar permite que nenos e nenas tutelados pola administración pública teñan a oportunidade de integrarse en familias

A Asociación Galega de Familias de Acolliada (ACOUGO) colaborará co Concello de Teo para informar e sensibilizar sobre os programas e sistemas de protección de menores e de acollemento familiar. Así, o vindeiro 8 de xullo estarán en Teo para explicar os detalles do seu programa de acollemento.

Na actualidade en toda Galicia hai 329 familias acolledoras e máis de 1.300 nenos e nenas en centros de acollida, segundo os últimos datos recollidos. Dende ACOUGO afánanse por dar a coñecer entre a sociedade a realidade de nenas e nenos en situación de desprotección e en axudar as familias de acollida en todos os seus trámites.

O acollemento familiar permite que nenos e nenas tutelados pola administración pública poidan vivir integrados en familias distintas ás de orixen, e medrar nun espazo de protección familiar.

En xeral, na sociedade hai unha clara unanimidade na idea de que o lugar idóneo para que medren as crianzas é unha familia, non unha institución. A



asociación Acougo, que agrupa a familias de acollida galegas, ten como misión difundir a realidade da infancia institucionalizada, e promover a cultura do acollemento na sociedade. É por iso que se achegan o vindeiro 8 de xullo para amosar os detalles do seu programa e animar á sociedade teense para que se implique no benestar da infancia máis vulnerable.

Unha das mensaxes nas que poñen o foco dende esta Asociación de carácter autonómico é que sen a participación de familias non se lle pode dar pulo ao acollemento, posto que non é unha acción que poidan facer ou que dependa dos profesionais nin das institucións •

O 18 de xullo realizarase unha observación do ceo dende Agrela

Ano tras ano, todos os veráns contamos coa colaboración do observatorio astronómico Ramón María Aller da USC para facer unha observación e coñecer mellor o ceo que temos sobre as nosas cabezas. O programa “As estrelas do Camiño” propón unha observación dende o monte de Agrela en Lampai o 18 de xullo ás 22:00 horas acompañados por persoal investigador do observatorio e de varios telescopios.

As explicacións dos distintos fenómenos que ocorren no ceo xunto coa observación a través das potentes lentes, implican unha aprendizaxe, pero tamén un goce estético do espectáculo das estrelas.

Dende o Concello agradece a implicación de todas as persoas que traballan no observatorio e, en especial ao veciño de Teo que o dirixe, José Ángel Docobo, por facilitar este proxecto •



O programa ‘As estrelas do Camiño’ propón unha actividade dirixida por persoal investigador e con varios telescopios.

Renóvanse os parques infantís da Ramallosa e Recesende

A Concellaría de Servizos Básicos, dirixida por José Manuel Elías, traballa nestas semanas na renovación dos novos parques infantís. Durante o mes de xullo, nos primeiros quince días, está prevista a instalación de novas áreas de xogo na Ramallosa e en Recesende.

Segundo explica o concelleiro “nos dous casos retiráronse os xogos que había, xa que eran bastante vellos e tiñan moito uso”. Ademais o edil destaca que se valorou o arranxo no caso da Ramallosa, pero ao tratarse de pezas grandes esta opción era bastante custosa. Finalmente optouse por unha remodelación completa que vai deixar unha ampla zona de xogos na parte traseira do edificio do Xulgado, nunha parroquia con bastante poboación nova e moita cativada. Ademais, tanto na Ramallosa coma en Recesende, estes espazos lúdicos están preto de centros educativos.

No caso da Ramallosa o custe da actuación supera os 30.000 euros e instálanse modernas pezas de madeira cun valado a media altura tamén de madeira.

A peza destacada, sen dúbida, será un parkour, unha estrutura para nenos e nenas de 6 a 12 anos no que poderán escalar, gatear e facer xogos de equilibrio. Trátase dun xogo con pezas de madeira, cordas e escaleiras verticais na que poderán facer numerosos percursos e de seguro non se aburrirán.

Outros elementos que se instalarán son un balancín combi con dous asentos e outro circu-



lar de corda, varios balancíns e unha mesa de manipulación de area. Todas as pezas están feitas de madeira 100% robinia de fontes europeas sostibles, posto que a acción municipal debe atender, sempre que pode, a criterios de sostibilidade ambiental.

A instalación en Recesende ten un custo algo inferior aos 30.000 euros e terá unha cabaña, que será unha das pezas principais, xunto cunha plataforma con tobogáns e unha rede con escaleiras. Tamén disporá de espazo para randeiras e balancín.

Serán dous espazos de xogo renovados, dos que os nenos e nenas de Teo xa poderán gozar nestas vacacións escolares, que vén merecido o teñen •

Nas primeiras semanas de xullo está prevista a instalación de novas áreas de xogo nos parques da Ramallosa e de Recesende



A Concellaría de Cultura presenta o programa 'Verbena Cultural' para o verán



Ao longo do verán organizaranse diversas actividades culturais para todas as idades. Todas os espectáculos son gratuítos pero haberá que facer reserva previa

Baixo o título 'Verbena Cultural', o Departamento de Cultura do Concello de Teo deseñou para os meses de xullo e agosto un completo programa de actividades culturais, que inclúe espectáculos e actividades para persoas de todas as idades, e para todos os gustos, sempre coa vista posta nas restricións e na normativa vixente na comunidade autónoma galega para o control da pandemia da Covid-19.

As actividades comezarán o día 2 de xullo e prolongáranse durante os meses de xullo e agosto. Do mesmo xeito que o ano pasado, o día grande das festas de todas as parroquias, grupos de gaitas con alboradas percorreren as rúas e espazos de todo o municipio. Asemade haberá tamén actuacións da banda da SR de Calo e da Banda de Música de Teo, así como actuacións dos grupos de baile.

No marco desta programación cultural para o verán tamén se organizarán distintos espectáculos culturais, xornadas de autocine, contacontos e actividades de narración oral a través do Festival Atlántica, andainas guiadas polos petróglifos, unha noite de observación astronómica, sesións de maxia, e

varias xornadas de xogos para as familias, incluída unha clase de radio a carón das piscinas dos Tilos.

A maioría dos espectáculos son gratuítos, e para asistir será necesario facer unha reserva previa de entrada a través do correo electrónico entradascultura@teo.gal e autocinecultura@teo.gal.

O programa completo no que se detallan todas e cada unha das distintas actividades pódese consultar na páxina web do Concello.

Festival Atlántica

Por outra banda, este ano o concello de Teo volve a ser sede do Festival Atlántica. A través deste destacado festival de narración oral a poboación teense gozará de catro actuacións, que terán lugar no Parque dos Tilos, na Carballeira de Francos, no local da Asociación A Mámoa de Luou e na Burga de Xermeade.

O programa conta coa interpretación de artistas tan relevantes como Raquel Quizás, Guti & Leticia Ruifernández, Celso Sanmartín ou Paco Pakolas.

Este festival adoita desenvolverse no mes de marzo, pero este ano terá lugar durante os once primeiros días de xullo en espazos teenses ao aire libre.

Visita aos petróglifos

O venres 16 de xullo terá lugar a VIII Andaina Guiada aos Petróglifos Teenses: 'Á beira do Angueira'. A duración da ruta é de entre dúas e tres horas, hai 22 prazas e é preciso inscribirse previamente en entradascultura@teo.gal ou no número de teléfono 981 941 063.

Novas visitas teatralizadas da Ruta da Batalla de Caheiras



Ao longo deste verán a Concellaría de Turismo provomerá unhas visitas teatralizadas co obxectivo de dar a coñecer a Ruta da Batalla de Cacheiras. As visitas levaranse a cabo os sábados de xullo, agosto e setembro -excepto o último día, no que a visita recaerá en domingo-. Posto que se trata dunha ruta complicada, prográmanse dous niveis de dificultade: un pensado para público infantil-familiar e outro para público adulto.

As visitas que se dirixen ao público familiar terán lugar as dúas primeiras fins de semana de cada mes e terán como punto de partida a Reitoral de Bamonde, comezando un percorrido ata a ponte do Recobio, un quilómetro e medio máis abaixo. A hora de saída está fixada para as 12:00 horas.

As visitas pensadas para público adulto sairán da Reitoral de Bamonde as dúas últimas fins de semana de cada mes e terán o destino final no alto de Montouto, sendo este percorrido duns 9 Km. A saída é ás 10:00 e haberá

un bus para traer de volta ás persoas participantes.

'Os Quinquilláns' é a compañía teatral responsable do desenvolvemento destas visitas. A través de pequenas pezas teatrais ao longo do percorrido, os actores tratarán de trasladarnos a aquel 23 de abril do ano 1846, no que un total de 4.000 soldados das tropas do xeneral De la Concha fixeron noite en Bamonde e marcharon á mañá cedo cara o alto de Montouto, onde habían de enfrontarse ás tropas do Xeneral Solís na famosa Batalla de Cacheiras.

Para participar nesta actividade é preciso inscribirse no formulario habilitado para o mesmo, no apartado de ACTIVIDADES que as persoas usuarias poderán atopar na nova páxina web de Turismo do Concello de Teo www.turismo.teo.gal •

As rutas terán lugar todos os sábados de verán xullo, agosto e setembro

TURISMO

A área de Turismo estrea unha nova páxina web

A Concellaría de Turismo vén de estrear no último mes de xuño unha nova páxina web: www.turismo.teo.gal. A nova plataforma pretende ser un espazo que aglutine información relevante sobre as actividades que se desenvolven dende este departamento e, sobre todo, un escaparate da Rede de Rutas de Teo e dos valores e elementos patrimoniais asociados. A nova páxina reforzará os espazos de comunicación do Concello e intensificará a visibilidade do labor desta área.

En relación co fluxo de visitas turísticas no noso concello, tamén se habilita un punto de información turística na Casa Común de Francos durante os meses de xullo, agosto e setembro. Neste espazo, ademais do selo de credenciais xacobeas, tamén se ofrece información e material turístico a calquera persoa que desexe visitar o noso municipio e que queira coñecer os puntos turísticos máis salientables do noso concello e os principais atractivos que exercerán de reclamo para as persoas turistas que se acheguen. De luns a domingo de 07:00 a 14:00 h.



Os agrarios de Teo: a súa fonda pegada nas primeiras décadas do século XX



O agrarismo tivo en Teo unha fonda pegada nas primeiras décadas do século XX. Os “americanos”, os retornados da diáspora, xogaron un papel esencial na creación e posterior organización das sociedades agrarias. Porén, a chegada dun grupo de retornados de Cuba e de Bos Aires na década dos anos dez trouxo novas ideas progresistas, o que conleva que as sociedades agrarias teenses adquirisen maior protagonismo. Estes homes tratan de valorizar o papel destas entidades, non só pola súa relevancia para a económica campesiña, para a cultura e como mutuas gandeiras, senón tamén como instrumentos esenciais de articulación social e da loita política. Defenden a propiedade plena das terras, procuran a redención dos foros e tratan de suprimir o caciquismo. Manuel Nogueira Insua foi un dos máis destacados. Chegou de Cuba no ano 1911 e era sobriño do fundador e primeiro presidente da Sociedade de Calo (1906). Como vogal desta sociedade logra reorganizar a entidade para iniciar o activismo social e a loita anticaciquil. Xunto a outros líderes agraristas teenses como Manuel Lueiro Edreira, colabora na organización dos primeiros mitins agraristas en Teo para combater o poder local. A liga agrario – redencionista primeiro e posteriormente os republicanos de Lerroux influíron ós dirixentes agrarios teenses. No ano 1917, Nogueira e Lueiro, os dous grandes referentes do agrarismo teense, participan nas folgas xerais revolucionarias derivadas da crise económica da gran guerra, o encarecemento dos prezos e a falta de subsistencias. Son fortemente sorprendidos e mesmo Nogueira ingresa na ca-

dea por agochar a Jose Pasín, o líder do movemento agrario compostelán. A represión pola folga xeral deixa paso a un novo societarismo teense de índole católica. Xa iniciados os anos vinte, as sociedades católicas (Reis e Oza) e as laicas (Calo, Cacheiras e Luou) chegan a unha especie de pacto para loitar unidos contra o arbitrario imposto do reparto de consumos en mans dos caciques e do goberno local. Os dirixentes das sociedades puxéronse de acordo para actuar conxuntamente contra o sistema de reparto de consumos e lograron impor un novo sistema de recadación do imposto que tivo grande éxito na poboación, o que os leva ó goberno municipal. Nas eleccións de abril de 1922 impóñense os agraristas coa elección de nove concelleiros. Manuel Nogueira Insua é elixido alcalde teense con eses nove votos e repártense os principais cargos de poder, incluso o lerrouxista Manuel Lueiro entrou como oficial no concello. Porén, os antigos caciques e líderes da antiga corporación permanecen nos cargos municipais ou na oposición como Joaquín Villa, líder dos caciques locais, que continua como secretario municipal. Son tempos de cambios en Teo coa transformación da paisaxe, as novas estradas substitúen ós vellos camiños, a industria forestal experimenta un grande progreso baseada na proliferación das plantacións de piñeiros e nos novos serra-doiros esténdense por grande parte do municipio. Con este pequeno despegue económico chega unha repunta nas edificacións e un aumento da poboación que contrarresta o continuo fluxo migratorio.

Esta noticia do xornal “El Ideal Gallego” do 16 de xullo de 1922, dá conta dun grande banquete onde os agrarios celebraban a vitoria nas eleccións municipais no local de Luou (actual local de A Mámoa). Nesta xuntanza participan algúns dos persoeiros que xogarían un papel relevante no “peculiar” goberno teense da ditadura (1923-1931), como don Alejandro Torrado del Río, o marqués de Astariz. Fontes: Actas municipais (1910-1925) e o libro “Asociacionismo agrario e poder local en Teo: 1890 – 1940” de Andrés Domínguez Almansa *

As persoas propietarias de animais de compañía deben rexistralos nun censo



As persoas propietarias de cans considerados como APP teñen que solicitar unha licenza previa ao rexistro do animal

¿Tes un animal doméstico? ¿Sabes cales son os trámites administrativos que debes efectuar en caso de telo? Dende a Concellaría de Medio Ambiente explican que todos os animais domésticos deben ter obrigatoriamente un chip e unha cartilla de vacinas actualizada. Ademais, no caso de que o animal sexa de raza potencialmente perigosa, a persoa propietaria terá que tramitar a licenza de Animal Potencialmente Perigoso (APP). Unha vez recibida a licenza, haberá que rexistrar o animal nun prazo de quince días. A documentación necesaria é: unha copia do DNI do titular, copia da

cartilla de vacinación do animal e presentar o modelo normalizado do Concello. As instancias e os formularios para realizar este rexistro están na web municipal. De feito hai tres apartados, un para solicitar a licenza de APP, outro para inscribir ao animal no rexistro municipal e outro para inscribir ao animal potencialmente perigoso no rexistro municipal.

No Concello de Teo existen dous censos diferentes: un censo de animais perigosos e outro para os animais de compañía. Nas últimas semanas incluso se procedeu a rexistrar a un gato neste censo •

O SON
ESPAÑOL/GALEGO
DO CAMIÑO

Ilustración de Ruth Caramés en Nós Diario

FALAMOS
UN ESPAZO PARA
COIDAR A NOSA
LINGUA

Se queres vivir bo e san,
onde pasaches o inverno,
pasa o verán.



#quedamosenteo

AXENDA

Xullo de 2021



Martes

Asesoramento sobre a factura eléctrica (en agosto non).
Salón de Plenos da Casa do Concello.

Venres

Mercado en Cacheiras.

Sábados

Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

3 Sábado. Mediodía. **Concerto Banda de Música Cultural de Teo.** Campo festa Rarís.

12:00 h. Visita teatralizada **Ruta Batalla de Cacheiras** para público familiar. A **seguinte o 10 de xullo**. Reitoral de Bamonde.

22:30 h. Sesión de **autocine: Picachu**.
Aparcadoiro Casa Común de Rarís.

4 Domingo. Mediodía. **Concerto Banda Música S.R. San Xoán Calo.** Campo festa.

5 Luns. 20:00 h. **Reunión Informativa para familias participantes nos Campamentos de Verán.** Auditorio Constante Liste.

7 Mércores. 11:00 h. **Contacontos Festival Atlántica: Onda min de Raquel Quizás e No meu Mundo de May Gorostiaga.** Parque dos Tilos.

8 Xoves. 21:00 h. **Contacontos Festival Atlántica: Caderno de últimas voces de Guti e Leticia Ruifernández.** Carballeira de Francos Calo.

19:30 h. Charla Acollemento. Casa Concello

9 Venres. 21:30 h. **Contacontos Festival Atlántica: Cando viaxou unha lingua de lume nun carro de herba seca? con Celso F. San Martín.** Local da Asociación A Mámoa ou Teleclub de Luou.

22:30 h. **Confinad@s do grupo de teatro 'A Tequerreté'.** Audt. Constante Liste.

10 Sábado. 11:30 h. Pasarrúas polas aldeas de Vilariño cos músicos de **S.R. San Xoán Calo.**

20:30 h. **Contacontos Festival Atlántica: Ramona Órbita a dona do tempo con Pakolas.** A Burga de Xermeade Reis.

11 Domingo. Mediodía. **Concerto da Banda de Música Cultural de Teo** no Campo da festa de Vilariño. **Concerto da Banda de Música de S.R. San Xoán** no Campo da festa de Reis.

16 Venres. 21:30 h. **VII Andaina Guiada aos Petróglifos Teenses: Á beira do Angueira.** Capela dos Milagres de Cornide.

17 Sábado. 22:00 h. **Noite de observación astronómica na Pedra Bicuda.** Campo da festa de Luou.

10:00 h. Visita teatralizada **Ruta Batalla de Cacheiras** para público adulto. As **seguintes o 24 e 31 de xullo**. Reitoral de Bamonde.

18 Domingo. Mediodía. **Concerto da Banda de Música cultural de Teo.** Campo festa Lucí.

22:00 h. **Observación astronómica** dende o alto de Agrela en Lampai.

20 Martes. 11:30 h. **Pasarrúas cos músicos da A. A Mámoa.** Luou.

22 Xoves. 16:00 h. **Ruta de Caiac** entre a Burga de Pontevea e o Xirimbao. Inscripción previa. Maiores de 10 anos.

29 Xoves. 16:00 h. **Ruta de ráfing** entre Carcacia e Herbón. Maiores de 10 anos. Inscripción previa en Deportes.

30 Venres. Mediodía. **Concerto da Banda de Música de Teo.** Exterior da igrexa de Cacheiras de San Simón.

20:00 h. **Xogos varios para as familias con Garabato de Xogos.** Campo da festa vello de Cacheiras.